



(F_TPS_25)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO MUNICIPAL DE VERTEDEIRO DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	31/12/2007
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concellodemonforte.com 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA _____	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE _____	3
ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS _____	3
ARTIGO -4- RESPONSABLES _____	3
ARTIGO -5- COTA TRIBUTARIA _____	3
ARTIGO -6- DEVEÑO E PAGO _____	3
DISPOSICIÓN ADICIONAL _____	4
DISPOSICIÓN FINAL _____	4



ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

Ó amparo do previsto na regulación reguladora das Facendas Locais, o Concello de Monforte de Lemos establece a taxa pola prestación do servizo municipal de vertedoiro de residuos da construción e demolición.

ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa pola prestación do servizo de vertedoiro de residuos de obras de construción e demolición, mediante a entrega e depósito no vertedoiro de ditos residuos polo seu produtor.

ARTIGO -3- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes da taxa, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o ARTIGO 33 da Lei Xeral Tributaria, que utilicen os servizos de vertedoiro municipal de residuos das obras de construción e demolición.

A concorrencia de dous ou máis titulares no feito imponible determinará que queden solidariamente obrigados fronte á Facenda Municipal.

A obriga principal dos contribuíntes consiste no pago da débeda tributaria. Así mesmo, quedan suxeitos ás obrigas formais establecidas na presente ordenanza fiscal.

ARTIGO -4- RESPONSABLES

Responderán solidariamente das obrigas tributarias reguladas na presente ordenanza tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria ó disposto na mesma, nos termos establecidos nos Artigos 38 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO -5- COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria determinarase segundo as seguintes regras:

- a) A cota será a resultante de aplicar a tarifa por tonelada de vertido correspondente ó ano de explotación de que se trate, conforme ó seguinte cadro:

Ano	€/Tm
1	7,41 €
2	7,92 €
3	8,62 €
4	9,14 €
5	9,49 €
6	9,49 €
7	9,49 €

- b) A estes efectos, considerarase ano de explotación cada período anual sucesivo de doce meses, contado a partir da data de inicio de dita explotación.

Dita data de inicio será oportunamente indicada por resolución da Alcaldía, mediante edicto publicado no taboleiro de anuncios da Corporación.

2. A cota tributaria resultante de aplicar o apartado anterior non poderá ser inferior a 6,00 €.

ARTIGO -6- DEVEÑO E PAGO

A taxa deveñase ó iniciarse a prestación do servizo, coa presentación polo produtor dos residuos para ó trámite de admisión nas instalacións municipais do vertedoiro.

Admitidos os residuos, e unha vez realizado a pesaxe, notificarase, por parte dos responsables do Servizo de Vertedoiro aos servizos do Departamento de Rendado do Concello de Monforte, o detalle da pesaxe correspondente a cada Suxeito Pasivo que utilice o servizo. Con carácter mensual aprobaranse as liquidacións correspondentes á utilización dos servizos do Vertedoiro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Facúltase á Alcaldía para a aprobación do modelo de liquidación provisional e a fixación da data de inicio do cómputo de cada ano de explotación, así como para ditar cantas resolucións ou actos de carácter non normativo sexan precisos para a aplicación desta ordenanza.


DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, a partir do día seguinte ó da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011.

Monforte de Lemos, febreiro de 2016



O Alcalde, José Tomé Roca